

CONSELLOS PARA MELLORAR A BUSCA EN GOOGLE

O rendemento de *Google* pode mellorar se coñecemos uns pequenos detalles:

Problemas importantes que convén evitar:

1. Distorsión do posicionamento: nas buscas simples con moita competencia pode haber resultados que nos resulten interesantes pero que están moi atrás no listado.
2. Falta de precisión: en ocasións, combinando simplemente palabras sen máis, é difícil expresar con claridade que resultados se lle están a pedir realmente a **Google**.
3. Excesivo ruído xera perda de tempo: debido ao xigantesco tamaño da web e da súa oferta de contido, o normal é que en calquera busca haxa un exceso de resultados e polo tanto moito ruído (resultados irrelevantes ou pouco relevantes). Isto adoita redundar en que en moitas ocasións se perde moito tempo antes de chegar ao resultado desexado.
4. Fontes de mala calidade: ao buscar simplemente con palabras clave, **Google** considera todas as fontes existentes e intenta aplicar algúns criterios para que a calidade dos sitios se reflecta no seu posicionamento, pero é unha tarefa imposible de lograr de xeito rigoroso.

TRUCOS PARA BUSCAR NA WEB

Se tes paciencia, podes ir directamente a esta magnífica guía:

<http://www.emezeta.com/articulos/guia-de-trucos-de-busqueda-en-google#axzz2DXNUgTht>

Se queres algo máis simple, mira estes sete consellos:

1. Colocar entre comiñas as palabras para indicar frases exactas.

Supoñamos que buscas algo como: [Taller de confianza en Madrid](#)

Google aplica certas melloras, como a corrección ortográfica ou a busca de sinónimos. Isto, ás veces, resulta molesto. Podes evitalos buscando frases exactas indicándoo con comiñas dobres: "[Taller de confianza en Madrid](#)"

Agora, Google só devolverá resultados con esta frase exacta, reducíndose substancialmente o número total de resultados, ou sexa, o ruído.

2- Excluir palabras co signo “ – “ e forzar a inclusión con “ +”

Poñamos por caso que buscas información sobre o Samsung Galaxy III deste xeito: [Galaxy S3](#).

Os resultados están "contaminados" de comparativas co iPhone, que non che interesan en absoluto porque tes claro que che queres comprar o S3. Pero ademais, queres saber os prezos.

Pois é tan doado como excluir os resultados nos que apareza a palabra iPhonee forzar que apareza a palabra "prezos" con esta busca: [Galaxy S3 –phone +prezios](#)

3. Usar o comodín “ * “.

O asterisco actúa como comodín nas buscas de Google. Supoñamos, por exemplo, que queres cear nun restaurante que che gustou, pero non te acordas ben do seu nome. O que sabes é que era "Casa algo", un caso perfecto para centrar a busca ao máximo usando o comodín: [Restaurante “Casa *” Madrid](#)

4. Combinar termos con "OR" ou " | ".

Google busca por defecto todos os termos nas páxinas e cantos máis aparecen, máis relevante se considerará a páxina (entre outros criterios).

Non obstante, esta premisa non sempre é correcta. Ás veces é suficiente que apareza, polo menos, un deles e non debe ter máis peso por iso.

Podes usar indistintamente a palabra "OR" (en maiúsculas) ou o símbolo " | " (tecla "alt" +1).

[Por exemplo Tablet apple | samsung.](#)

5. Buscar con rangos numéricos con "x...y"

Tamén se poden usar rangos numéricos nas buscas para centralas un pouco mellor.

Por exemplo: [Poboación mundial ano 1900... 2000](#)

Probas esta busca e logo compara con esta: [Poboación mundial](#)

Verás como coa primeira inclúe entre os primeiros postos dos resultados moitas máis páxinas que falan especificamente da evolución demográfica neste intervalo de tempo, deixando de lado outro contido que para o que queremos nos tería suposto nada máis que ruído.

Outro exemplo moi típico son os importes económicos:

[Cazadora pel 200... 300](#)

Aínda que neste caso, Google non vai aplicar o rango rigorosamente aos prezos (que é o que se pretende), van predominar as páxinas con prezos neste tramo e obtendo na práctica un resultado moi útil.

6. Buscar algo dentro dun sitio web con “site:” ou excluilo con “-site”.

Supoñamos que es propietario dun Audi e que tes que facer un traballo de chapa. Quererás asegurarte de que che fagan un traballo impecable .

Nese caso, recoméndase esta busca:

[site:audisporte-iberica.com taller chapa bo | confianza](#)

Con isto, Google buscará exclusivamente nas páxinas do sitio co dominio "audisport-iberica.com" que é o de Audisport Ibérica, o foro de Audi máis importante de fala

hispana e onde hai miles de "tolos" dos coches e desta marca en particular, xente que estes temas os teñen trilladísimos.

Polo tanto, a información que encontres aquí vai ser dunha calidade moi superior á que se pode encontrar polo xeral na rede sobre o tema, centrando a busca aquí descártase moito ruído e gáñase moita calidade nos resultados.

7. Buscar documentos dun determinado tipo con “filetype:”

Esta é outra funcionalidade moi útil. Hai pouco Google actualizou as súas ferramentas de busca, paga a pena exploralas para ver que ofrecen.

Permite buscar tipos de documentos específicos indicando a correspondente extensión, por exemplo en *documentos PDF*, *Presentacións Powerpoint* ou *follas Excel*. É dicir, descártanse por completo as páxinas web normais, devólvense exclusivamente ficheiros coa extensión especificada.

Supoñamos que por interese persoal, necesitamos unha folla Excel coas cifras de paro analizada por CCAA.

Pois proba con isto e observa o que pasa: [filetype:xls cifras paro 2011](#)